

BANDO

CAMPAMENTOS DE VERÁN, DEPO AVENTURA A LANZADA 2018

Infórmase á veciñanza que a **Deputación Provincial de Pontevedra**, abriu o prazo de presentación de solicitudes de praza no **Programa DEPO AVENTURA A LANZADA** dirixido a nenas e nenos con nacemento nos anos 2005 a 2010, destinando 20 prazas ao Concello de Pontecesures. **As solicitudes presentaranse ata o 27 de marzo na Deputación Provincial.**

11 QUENDAS de 7 días de duración

Os campamentos terán lugar entre o 24 de xuño e o 8 de setembro de 2018. Realizaranse 11 quendas, de 7 días de duración cada unha, nas seguintes datas: 1^a do 24 ao 30 de xuño, 2^a do 1 ao 7 de xullo; 3^a do 8 ao 14 de xullo; 4^a do 15 ao 21 de xullo; 5^a do 22 ao 28 de xullo; 6^a do 29 de xullo ao 4 de agosto; 7^a do 5 ao 11 de agosto; 8^a do 12 ao 18 de agosto; 9^a do 19 ao 25 de agosto; 10^a do 26 de agosto ao 1 de setembro e 11^a do 2 ao 8 de setembro

Custo

- Custo xeral da praza é de **100 euros** por menor. As familias numerosas con acreditación terán un desconto do 20% (achega de 80€/praza).
- Existen 4 prazas gratuitas para familias en situación de vulnerabilidade social (procedemento específico).

Presentación de solicitudes:

As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse preferentemente de forma electrónica:

A.—Presentación de solicitudes mediante **formulario web** a través da páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.es), cubrir os datos solicitados na páxina web, correspondentes ao modelo oficial de solicitude e premer o botón enviar e descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras realizar o envío. Este xustificante incluirá un código único de preinscripción e debe presentarse no Rregistro da Deputación acompañado da documentación inicial. Deberá indicarse a pertenza a Familia Numerosa e, no seu caso a solicitude de praza por procedemento específico.

B.—É posible a presentación de solicitudes mediante **formulario impreso** o cal estará dispoñible nas Oficinas de Atención á cidadanía da Deputación.

Documentación:

Inicial	. Xeral	<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE /IMPRESO DE SOLICITUDE <input type="checkbox"/> Volante de empadroamento da nena ou neno <input type="checkbox"/> DNI da nai/pai ou persoa titora <input type="checkbox"/> DNI da nena ou neno <input type="checkbox"/> Cuestionario de saúde e autonomía persoal <input type="checkbox"/> No caso de menores estranjeiras, copia do permiso legal de residencia <input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado do grao de discapacidade e copia do ditame
	Se solicita Gratuidade ou Bolsa:	<input type="checkbox"/> Informe Social do Servizo Social Comunitario <input type="checkbox"/> Título de Familia Numerosa en vigor
Na incorporación á quenda		<input type="checkbox"/> Fotografía tamaño carné <input type="checkbox"/> Tarxeta sanitaria

Para máis información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 13:30 horas, e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 12 de marzo de 2018

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage

